

AS LINGUAS DE ESPAÑA

9

María Victoria Moreno

ANDEL



XUNTA DE GALICIA

AS LINGUAS DE ESPAÑA

9

María Victoria Moreno

ANDEL



XUNTA DE GALICIA

M^a Victoria Moreno
AS LINGUAS DE ESPAÑA

M^a Victoria Moreno

Deseño de colección e cuberta: Francisco Mantecón

Edita: Xunta de Galicia

AS LINGUAS DE ESPAÑA

Cando pensamos en cousas que son especialmente nosas, que nos parecen singularmente fermosas, sentimos que nos faltan as palabras para aludir a elas. Coidamos que as verbas que coñecemos se achegan ós arredores do que queremos dicir, suxiren o camiño do noso pensamento, mais non o dan expresado na súa totalidade. Isto, tanto no plano persoal coma no colectivo dun pobo, ocórrenos a todos cando queremos falar da nosa lingua nativa, da que aprendemos desde o berce, da que nos serviu para dar forma ós primeiros conceptos que elaboramos e ás primeiras relacións que mantivemos co mundo.

A pregunta *¿Que é para ti a túa lingua?* todos temos unha resposta interior, mais poucos somos quen de traducila a palabras tan convincentes coma estas:

«Louvado sexa Deus porque me permitiu nacer, medrar, facerme home e agora envellecen neste grande reino que chamamos Galicia; neste grande reino do Fisterre que vai desde os montes deica o mar, onde brillan os pes do vento; a este país dos dez mil ríos, do vello camiño das peregrinacións; a este país dos mil vales; a este país fermoso e eternamente verde, patria querida, a terra do senso bardesiano: as patrias son a Terra dos mortos. Gracias a Deus por este reino. Louvado sexa Deus tamén por terme dado o don da fala nosa. Por terme ensinado a dicir *rula* e *abidueira* e *dorna* e *ponte* e *fonte*. Entón eu sabendo estas palabras era verdadeiramente dono da rula e da abidueira e as miñas maxias teñen nembargantes un senso máis fondo: por riba e por baixo do que eu falo quixen e quero que a fala galega durase e continuase, porque a duración da fala é a única posibilidade de que nós duremos como pobo.

Álvaro Cunqueiro

A carga emotiva que determina a valoración da lingua que falamos, sendo de seu natural e positiva, lévanos en ocasións a non reflexionar obxectivamente e, polo tanto, a descoñecer aspectos de grande interese. ¿Temos reparado algunha vez en que os nomes das vilas, dos ríos e dos montes –os *topónimos*– amais de facer referencia a unha vila, a un río ou a un monte, significan outra cousa? Así España quere dicir *terra de coellos*, Guadalquivir é *río grande* e a vila de Ourense debe o seu nome ós depósitos de ouro que houbo alí noutro tempo. Cos nomes das persoas –os *antropónimos*– ocorre exactamente o mesmo. ¿Temos reparado algunha vez en que Xabier significa *brillante*, en que Xeorxina é o mesmo que *labradora* e en que Manuel quere dicir *Deus estea connosco*? É curioso descubrir que antropónimos tan distintos como Antón e Florindo, como Paz e Irene, como Nicasia e Victoria teñen o mesmo significado¹.

As palabras que usamos para comunicamos coas demais persoas teñen a súa historia. É dicir, teñen a súa orixe e mais unha longa vida, na que foron cambiando de forma e de significado. Ou, para dicilo doutro xeito, cada palabra é coma unha dsesas pedras que arrinca un río no seu nacemento e arrousa coa corrente ata a súa foz. Esta pedra recibe os efectos da erosión e é moi diferente no curso alto, no curso medio e no curso baixo do río que a leva. O mesmo lle pasa a unha palabra no *curso* da súa historia: en Grecia dicíase *diábolos*, en Latín serodio díxose *diabolus*, o poeta Pero da Ponte (século XIII) di *diaboo* e para nós é *diabo*.

A historia de cada lingua (dos seus fonemas, das súas palabras, da súa gramática) prodúcese en estreita dependencia da historia do pobo que a fala, dos movementos migratorios, da fortuna nas lides, das alianzas con outros pobos, das condicións socioculturais... Por iso o xeito de falar de cada individuo constitúe un trazo da súa personalidade, que se percibe de forma moi marcada cando un se atopa fóra da área da súa lingua nativa. Un galego, en Galicia, poderá ter como alcume «o loiro», «o fraco» ou «o marxado», mais estas características pasan a segundo termo tan axiña como saia da súa terra: daquela o trazo máis doadamente visible da súa personalidade será o seu xeito de falar e todo o mundo aludirá a el coma «o galego».

Dicía Humboldt que cada persoa entende o mundo desde a súa lingua e isto lévanos a pensar que hai tantas maneiras de ve-lo mundo como linguas se falan nel. ¿Que podemos pensar do Estado Español, onde se falan catro linguas perfectamente diferenciadas?

Para facérmonos unha idea de como é cada unha destas linguas, imos ver un texto moi breve, sempre o mesmo, e prestaremos especial atención ás palabras que aparecen en cursiva:

En Galego:

Na *igrex*a, fíxate ben nisto, hai un cataventos de *ferro* con figura de *galo* que fala co *señor* abade nos solpores. Os outros cataventos non falan, xa o sei, pero este é *diferente* porque antes era un galo de verdade, deses que fan Qui-qui-ri-quí, e agora está *castigado* por *vaidoso*. Como tiña a teima de subir máis alto cós demais, un *día* empoleirouse na torre, sentiuse amo de *todo* o que vía, foise facendo de *ferro* pouquiño a *pouco* e quedou alí chantado.

En Catalán:

Al'*esglesia*, fixat'hi bé, hi a un penell de *ferro*, amb figura de *gall*, que al capvespre parla amb el *senyor* rector. Els altres penells no perlen, ja o sé, pero aquest és *diferent* perque abans era un gall de bo de bo, d'aquets que fan quiquiriquic, i ara está *castigat* per *venitós*. Com que tenia la mala de voler pujar sempre mes amunt que els altres, un *dia* es va enfilear al campanar, es va sentir amo de *tot* el que veia al seu voltant, es va anar tornant de *ferro* a poc a poc i s'hi va *quedar* clavat.

En Castelán:

En la *iglesia*, fíjate bien en esto, hay una veleta de *hierro* en forma de *gallo*, que habla con el *señor* cura a la caída de la tarde. Las otras veletas no hablan, ya lo sé, pero ésta es *diferente* porque antes era un gallo de verdad, de los que hacen ki kirikí, y ahora está *castigado* por *vanidoso*. Como tenía la manía de subir más alto que los demás, un *día* se encaramó en la torre, se creyó dueño de *todo* lo que veía, se fue haciendo de *hierro* poco a *poco* y se *quedó* allí clavado.


En Euskera:

Elizan oilar tankerako haizorratz bat dago eta eguzquiaren sarreran apaizarekin hitzegiten ornen du. Gauza harrigarria beneta! Badakit besten haizorratzek ez dutela hitzik. Egiten baina hau ez da besteak bezalakoa. Legen benetako oilat bat omenzen, kukurruku egiten duten horietakoa. Eta orai zigorturik dago bere harropuzkeriagatik. Besteak baino gorago igotzeko ohitura zuenez, egun batez dorreraino heldu zen. Ikusten zuen guztiaren jaun eta jabe uste izan zuen eta poliki-poliki burdinazko bihurtzen joan zen, hantxe itsatsirik geratuz.

Despois de le-las catro versións sabemos que se trata dun cataventos un tanto especial, pero sabemos tamén outras cantas cousas:

- Que as palabras en cursiva do texto galego, catalán e castelán son moi semellantes entre elas. Isto débese a que estas tres linguas teñen o Latín coma orixe común, é dicir, son da mesma familia.
- Que estas palabras son semellantes, mais non iguais, xa que o que temos diante nosa é un texto en linguas diferentes, con personalidade propia e ben definida.
- Que o texto en Euskera non ten palabras en cursiva² porque esta lingua non deriva do Latín. É a máis antiga das que se falan en España e non se parece a ningunha das outras tres. (Véxase Mapa 1).

Neste mapa pódese ver que o Castelán, que se chama así porque tivo o seu berce en Castela, se fala desde A Coruña ata Almería e desde Girona ata Huelva. É dicir, calquera cidadán español coñece esta lingua e as leis vixentes (constitución de 1978) ampáranos no seu dereito a falala e a ser entendido cando a fale en calquera punto do Estado Español. É a lingua oficial de España e, por iso, chámase tamén Español.



Área do Galego.

Área do Euskera.

Área do Catalán.

Mapa 1

O Galego é a lingua de Galicia. Pola súa proximidade xeográfica con Portugal e por acontecementos históricos que se remontan á Idade Media, amosa abondosos trazos comúns co Portugués. Pero hai xa cinco séculos que é unha lingua independente, con personalidade ben definida. Comparte en Galicia a oficialidade co Castelán, o que quere dicir que calquera cidadán galego ten dereito a falar na súa lingua e a ser entendido cando así o faga dentro do seu territorio.

O Catalán é a lingua de Catalunya e o seu uso abrangue tamén á Comunidade Valenciana e ó arquipélago Balear. Nestes territorios comparte a oficialidade co Castelán, o que significa que calquera cidadán ten dereito a fala-lo Catalán e a ser entendido cando o fale dentro das comunidades en que é considerado lingua oficial.

Estas tres linguas chámanse *romances* (de *romanice*= *á maneira de Roma*) porque proceden do Latín. Por esta razón podemos dicir que son pólas distintas dunha mesma familia. Pero a familia das linguas romances é moito máis ampla e outras pólas dela espállanse pola maior parte dos países do Sur de Europa. O Italiano, o Romanés o Provençal, o Francés e o Portugués tamén teñen a súa orixe no Latín.

O Euskera, que se fala no País Vasco e en Navarra, constitúe un caso á parte. É a máis antiga das linguas peninsulares ou, o que é o mesmo, a única traza que se conserva das que existiron antes da colonización romana. Transmitiuse oralmente de país a fillos e, aínda que carece da tradición literaria que teñen as outras linguas, é o vehículo lexítimo para a expresión do pobo que a fala e da súa cultura. Como no caso do Galego e do Catalán, o Euskera comparte a oficialidade co Castelán no País Vasco e os cidadáns son amparados pola lei no seu dereito a falalo e a seren entendidos cando o falen dentro deste territorio.

Notas

¹ Ó remate do libro pódese atopar unha relación dos antropónimos máis frecuentes nas catro linguas de España, con indicación da orixe e do significado de cada un deles.

² Poderían ir en cursiva *elizan* (= igrexa) e *beneta* (cataventos), que son préstamos do Latín por influencia da liturxia. Mais parece aconsellable non reparar neste feito agora e tratalo no capítulo correspondente a esta lingua.

A PENÍNSULA IBÉRICA, ENCRUCILLADA DE CAMIÑOS

Ferdinand de Saussure (1857-1913), a quen podemos considerar pai da lingüística moderna, propuxo que tódalas ciencias, para delimitar máis escrupulosamente o seu obxecto de estudio, deberían establecer dous eixes:

1º, un eixe de simultaneidades, que concerne ás relacións entre cousas coexistentes, de onde estaría excluída toda intervención do tempo.

2º, un eixe de sucesións, no cal nunca se podería considerar máis ca unha cousa de cada vez, pero onde estarían situadas tódalas cousas do primeiro eixe cos cambios que experimentan no devir do tempo.

No que respecta ó terreo concreto dos estudos lingüísticos propón a denominación de *lingüística sincrónica* e *lingüística diacrónica*, entendendo que é sincrónico todo o que se refire ó aspecto estático da lingua e diacrónico todo o que se refire á súa evolución.

Os lingüistas actuais séntense máis interesados polo estudio sincrónico que polo diacrónico e probadiso é que as gramáticas que se estudian na escola soamente consideran o primeiro dos eixes propostos por Saussure. Con todo, o estudio diacrónico é apaixonante, seméllase ás veces á actividade dun arqueólogo e é de grande utilidade para reflexionar sobre a nosa propia lingua e para comparala coas demais. ¿Por que *bélico* e *guerreiro* son palabras tan diferentes e teñen o mesmo significado? ¿Por que os mestres soen aconsellar que se escriban con h en Castelán as palabras que en Galego e Catalán comezan por f? ¿Por que se chama *choiva*, en Catalán *pluja*, en Castelán *lluvia* e en Euskera *euri*? ¿Por que, cando se xoga ó *matarife*, dise sempre *ambo ató*, unha expresión que non significa nada e que non existe en ningunha lingua do mundo?


É certo que os libros non se escriben para facer preguntas, senón para dar respostas... Mais neste caso o lector debe disimular. As respostas irán aparecendo a medida que se vaia facendo o estudio diacrónico de cada unha das linguas e as preguntas fixéronse a xeito de invitación a reflexionar un pouco sobre a propia lingua e sobre as outras que se coñezan.

Cada lingua encerra un mundo fascinante, coma o de calquera outra manifestación do home ou da natureza, pero máis atractivo e asequible. Reparemos en que o obxecto da Botánica, da Zooloxía ou da Astronomía está ás veces moi lonxe de nós, mentres que o da Lingüística reside no noso propio arredor e acompáñanos a calquera hora. E unha cousa máis: as plantas, os animais e as estrelas son como son porque se foron facendo por diversas causas mentres que a lingua é como é porque a fixeron así os homes que a falaron.

Vexamos un exemplo:

En Latín existían os adxectivos *dexter*, que significaba *situado ó lado dereito*, e *sinister*, que significaba *situado ó lado esquerdo*. Deles proceden os adxectivos galegos *destro*, que significa *dereito* –pero tamén *útil, competente, bo*– e *sinistro*, que significa *esquerdo* –pero tamén *inútil, desgraciado, malo*–. As formas femininas destes adxectivos, *destra* e *sinistra*, serían as máis indicadas para aludir a cada unha das mans. Mais só se empregan na lingua culta, mentres que a fala popular substituíunas por *dereita* e *esquerda*. *Dereita* –do Latín *dirigere*– mantén as connotacións positivas que vimos en *dexter* e *esquerda* é unha palabra prerromana –en Euskera dise *ezquerreko*– que está ahí porque os falantes quixeron desfacerse do adxectivo latino, que lles soaba a desgracia ou outras cousas de mal agoiro.

Para comeza-lo estudio diacrónico das linguas do Estado español, miremos este mapa e reparemos no lugar que ocupa a península Ibérica: (Véxase Mapa 2)



Mapa 2

Situada no extremo suroccidental de Europa, foi na antigüidade o territorio máis remoto que se podía imaxinar. Os habitantes do arredado Oriente ou os das rexións frías do Norte pensaban na península Ibérica como pensaron despois españois e portugueses na terra americana: a benignidade do clima, a vexetación, os depósitos de minerais preciosos e ese ronsel de misterio que ten sempre o descoñecido, provocaron a fantasía destes pobos. Así naceron lendas coma a que nos conta que Hércules, cobizoso dos tesouros que posuía Xerión, rei dos tartessios, foi ata Gades (hoxe Cádiz), matou ó rei e ó seu can de dúas cabezas, rouboulle a súa manada de bois e trasladouna a Grecia. O historiador grego Heródoto mostrábase admirado da fartura de Argantonio, tamén rei dos tartessios. E incluso na Biblia se di que o rei Salomón enviaba as súas naves a Tarsis para proverse de ouro, prata e almafí.

Se a distancia da península Ibérica fixo nacer a fantasía e despertou o interese dos pobos antigos, a súa situación de ponte entre Europea e África e o doado acceso por mar convertérona en encrucillada de razas, de culturas e de linguas. Sábese que xa na prehistoria se instalaran aquí pobos procedentes do Norte de Europa, do Oriente e de África. Desde a protohistoria ata a colonización romana sucedéronse ininterrompidamente ondas de pobos de distinta raza e orixe moi diversa: chegaran desde o leste os fenicios e os gregos, desde o norte os ligures e os celtas, desde o sur os cartaxineses.


No mapa anterior están marcadas as rotas que seguiron estes pobos e nestoutro pódense ver algúns dos lugares que ocuparon e os topónimos cos que os designaron. (Véxase Mapa 3).

¿Como se falaba na península antes de que chegasen os romanos?

Inscricións atopadas en diversos lugares son mostra de que existiron linguas moi distintas e de que se empregaron alfabetos diferentes. Mais non era necesario atopar estes restos arqueolóxicos para facerse a idea de que a península era un *mosaico de linguas*. É dicir, o mapa lingüístico non se parecía en nada ó de hoxe: atopábase dividido en pequenas áreas de poboación e cada un destes grupos humanos tiña o seu particular xeito de vivir, de legislar, de comerciar e, por suposto, de falar.

Na actualidade pódese tomar un avión en Madrid e chegar nunha hora a calquera punto da periferia. De Santiago de Compostela a Málaga ou de Barcelona a Sevilla o voo dura aproximadamente hora e media. Isto quere dicir que a comunicación entre lugares distantes é moi doada e, por iso, existen moitas posibilidades de establecer relacións entre as persoas que viven neses lugares. Tamén hai teléfono, telégrafo e incluso televisión³ vía satélite, que nos permite ver e oír-lo que ocorre nos nosos antípodas no mesmo momento en que está a ocorrer.

Mais antes non era coma hoxe...



- Vilas fundadas polos fenicios
- ▲ Vilas fundadas polos cartaxineses
- Vilas fundadas polos gregos
- ≡ Topónimos de orixe celta
- ⊙ Topónimos que se supoñen de procedencia ligur

Mapa 3

Na antigüidade o home só podía desprazarse dun lugar a outro a pé ou a cabalo. O único procedemento para transmitir unha mensaxe era facela chegar de viva voz ou por escrito –e para isto houbo que agardar a que se xeneralizase a escritura– mediante un emisario. ¿Canto tardaba este home en percorrer a pé ou a cabalo a distancia que hoxe cobre un avión nunha hora e media? ¿Que sentido tiña para un rei de Tartessos contar cun aliado político en Rhode? ¿Como se podían facer tratos comerciais e despois trasladarlas mercadorías?

O home dominou o mundo coa técnica, fíxoo pequeno e o número de linguas reduciuse. Mais, antes disto, o mundo era moi grande e, por iso, a diversidade lingüística era moito maior.


Notas

³ Obsérvese que tódalas palabras que aluden á posibilidade de comunicarse a distancia teñen como compoñente o prefixo de orixe grega *tele-*, que significa *lonxe*.

A ROMANIZACIÓN

A lingua latina debe o seu nome a unha bisbarra situada no norte de Italia, o Lacio, de cli ma duro e escasos recursos naturais. Os habitan tes destas terras, coma tódolos pobos pobres, levaban unha vida de traballo e esforzo. Por iso chegaron a ser magníficos soldados e empren deron a conquista das terras do Sur. Cando se fixeron donos de toda Italia, a súa vocación guerreira, fortalecida polo éxito, levounos a seguir adiante nas conquistas. Este é o comezo dun dos imperios máis amplos e duradeiros da antigüidade: o imperio romano.

Contra o século III antes de Cristo, os exér citos romanos impuxéranse nos Alpes, en Iliria, en Macedonia, en Grecia, no sur do Danubio, en Asia Menor e no norte de África. Tamén desem barcaron nas costas de Britannia (Inglaterra) co propósito de incorporar este territorio ó seu im perio. Mais os nativos recibiron ós invasores cos rostros pintados d color verde escura, vestidos de peles, e aqueles invictos soldados fuxiron espantados. Isto cóntao César en *A guerra das Galias*⁴ e a iso débese que o inglés non sexa unha lingua romance máis.



Países que
constituyen
a Romania

Territorios
colonizados por Roma

Mapa 4

Como daquela o Mediterráneo seguía a ser un mar sen segredos para os navegantes e como a sona de prosperidade da península Ibérica non se extinguira, este pobo de soldados decidiu envia-las súas naves a Hispania. Deste xeito, no ano 218 antes de Cristo, os Escipións desembarcan en Ampurias (a antiga Emporion dos gregos) e os exércitos romanos comezan o seu camiño de penetración cara ó sur e cara ó oeste. Dous séculos máis tarde, no ano 19 antes de Cristo, remata a conquista coa sumisión de cántabros e astures.

Este é o momento en que a pluralidade de razas, de culturas e de linguas se unifica baixo o mando político de Roma.

De todo isto non se debe deducir que ás terras conquistadas por Roma chegaban soamente soldados... A Hispania viñeron tamén numerosos colonos, atraídos pola fertilidade da terra, e viñeron comerciantes, desexosos de explorar novas posibilidades para os seus negocios. É dicir, chegou xente de paz, que se estableceu no territorio, emparentou cos nativos e contribuíu deste modo ó que chamamos *romanización*. Ou sexa, contribuíu á aceptación da lingua, das leis e dos costumes dos romanos. Incluso moitos dos soldados que interviran nas campañas peninsulares remataron os seus días apaciblemente nesta terra. casados con mulleres indíxenas. Pensemos que a vila de Carteya, na provincia de Cádiz, foi fundada no ano 171 antes de Cristo para que se establecesen alí veteranos da conquista e que en Osca, hoxe Huesca, se fundou unha escola para educa-los fillos da nobreza hispana.

O pobo romano caracterizouse sempre polo seu sentido práctico e por iso a súa presenza nas terras colonizadas supuxo un importante pulo para o progreso: por primeira vez na historia promulgáronse leis de rango universal, trazáronse amplas redes de calzadas e construíronse obras de interese público coma acueductos, faros, pontes e teatros.

Deste xeito, a lingua do pobo romano, o Latín, rematou por impoñerse en todo o territorio peninsular. Pero non foi pola forza, senón máis ben porque os indíxenas a aceptaban para poderen eles tamén participar, pola súa propia conveniencia, nestes cambios sociais, económicos e culturais.

Mais ¿como era o Latín que chegou á península Ibérica? O primeiro que cómpre deixar cla ro é que non era o mesmo que usaban os escritores, o chamado *Latín clásico*, senón o *Latín vulgar* ou *sermo rusticus*. Non se chamaba así por ser propio da xente inculta, mais porque se utilizaba na vida ordinaria. Os grandes escritores que tivo Roma –Virxilio, Horacio, Ovidio, Cicerón, César, Séneca– escribiron en *Latín clásico*, pero, ó falaren coa súa familia ou cos seus amigos, empregaban o *Latín vulgar*. Desta modalidade familiar do Latín derivan, sen excepción, tódalas linguas romances.

Tamén hai que ter en conta que o *Latín vulgar*, ó non estar fixado na escrita –no grafolecto–, era diferente en cada rexión de Italia. Ou sexa, que os soldados, colonos e comerciantes que foron chegando a cada punto do imperio romano falaban un Latín diferente. A esta circunstancia e a outra que se verá máis adiante débese a fragmentación do Latín na pluralidade de linguas que constitúen o mundo romance. Ou o que ven sendo o mesmo: por esta razón e pola que despois veremos unha soa lingua produciu catro (Galego, Castelán, Catalán e Portugués) na península Ibérica e bastantes máis no resto dos territorios ocupados.

E chegando a este punto non estaría de máis, sobre todo se temos en conta o esquecemento de que é obxecto o Latín nos nosos días, sinalar cales foron os trazos diferenciadores máis marcados desta lingua.

No terreo da morfosintaxe o primeiro que cómpre salientar é que as relacións entre as distintas palabras que constitúen unha oración se expresan mediante un accidente gramatical chamado *caso*, en virtude do cal os sustantivos, adxectivos e pronomes cambian as súas terminacións de acordo coa función que desempeñen. Vexamos algúns exemplos:

Suxeito

O neno español ven Os nenos españois veñen

Puer hispanus venit Pueri hispani veniunt

Comp. Dir.

Vexo o neno español Vexo os nenos es pañois

Video puerum hispanum Video pueros hispanos

Comp. doN.

A casa do neno español A casa dos nenos españois
Domus pueri hispani Domus puerorum hispanorum⁵

Outra característica do Latín é a que poderíamos chamar *morfoloxía verbal sintética*, que contrasta coa *morfoloxía verbal analítica* propia das linguas romances. Consiste a primeira en expresar persoa, número, tempo, voz e aspecto mediante tempos simples, en tanto que a segunda soe expresar aspecto e voz por medio de verbos auxiliares, é dicir, formando tempos compostos:

Latín	amavi	amaveras	amor	amabantur
Galego	amei	amaras	son amado	eran amados ⁶
Castelán	he amado	habías amado	soy amado	eran amados
Catalán	he amat	havies amat	soc amat	eren amats

Este proceso de distanciamento entre a gramática latina e a das linguas romances prodúcese simultaneamente co das palabras. Pensemos que unha verba galega como *chan*, unha castelá como *ojo* ou unha catalá como *nit* veñen respectivamente das latinas *planum*, *oculum* e *noctem*. A sensible diferenza que se observa entre as palabras romances e os seus étimos pode explicarse desde o símil do río que propoñiamos ó comezo: se as palabras dunha lingua son coma as pedras que arrousa un río desde o seu nacemento ata a súa foz, debemos pensar agora que, como a maior parte das palabras galegas, castelás e catalás son de orixe latina, ese río é o tempo transcorrido desde a romanización ata hoxe. E son máis de vinte séculos...

A maior parte das palabras chegaron ata nós transmitidas de boca en boca, xeración tras xeración. Estas son as que máis se transformaron, chámanse *termos patrimoniais* e constitúen a base do léxico en calquera lingua romance.

Cabo destas palabras existen outras, tamén de orixe latina, que chegaron ata nós case sen modificar. Chámanse *cultismos* e non sufriron o desgaste do tempo porque se transmitiron a traveso de textos escritos. Ás veces dáse o caso de que unha soa palabra latina teña dado á vez un *termo patrimonial* e mais un *cultismo*:

<i>Latín</i>	<i>Galego</i>	<i>Castelán</i>	<i>Catalán</i>
Articulum	Artículo	Artículo	Article
	Artello	Artejo	Artell
Integrum	Íntegro	Íntegro	Íntegre
	Enteiro	Entero	Enter
Primarium	Primario	Primario	Primari
	Primeiro	Primero	Primer
Solitarium	Solitario	Solitario	Solitari
	Solteiro	Soltero	Solter
Radium	Radio	Radio	Radi
	Raio	Rayo	Raig
Solidum	Sólido	Sólido	Sòlid
	Soldo	Sueldo	Sou

Notas

⁴ César, xeneral e dictador, foi tamén un dos máis importantes historiadores que tivo Roma. El conta estes feitos desde a perspectiva dos vencidos e por iso, atribúen o fracaso ós temporais, ás traicións, á rispidez da paisaxe e mais o feroz aspecto dos nativos.

⁵ Nas frases la tinas destes exemplos non aparece o artigo porque en Latín non o había. Tampouco non aparece preposicións e isto débese a que se utilizaban moito menos que nas linguas romances, onde son necesarias para expresar relacións que en Latín eran expresadas polo morfema de caso.

⁶ Obsérvese que o Galego está a metade de camiño entre o Latín e as outras linguas romances españolas: as formas da voz activa son sempre simples e soamente son compostas as da voz pasiva.

A FRAGMENTACIÓN DO LATÍN

É fenómeno moi frecuente que os estudantes españois de Francés ou de Inglés teñan, ó comezaren, problemas con certas articulacións destas linguas. O caso da labiodental sonora *v* é un dos máis frecuentes. Expresións como *bon voyage* ou *very good* óense, con desesperación por parte de profesores e alumnos, como *bon bo yage* ou *bery good*. Isto acontece porque a tendencia xeral é articula-los sons da lingua que se aprende desde os hábitos articulatorios da que xa se sabe. Como en Galego, en Castelán, en Euskera e no Catalán da parte norte non existe a articulación labiodental do *v*, os que teñen como lingua materna calquera destas catro séntense inclinados a articular este son coma *b*. É dicir, sustitúese o que non se coñece polo máis parecido dentro do que se coñece.

Outra solución moi frecuente ó pronunciar palabras estranxeiras consiste en suprimir, sen mais, o son que resulta raro ou difícil de articular. Isto enténdese mellor cun exemplo:

De todos é sabido que ó morrer sen descendencia Carlos II, o derradeiro rei da casa de Austria, ocupa o trono de España Felipe d'Anjou, que reina co nome de Felipe V (1700-1746).

Con el instáurase a dinastía dos Borbóns e con el chega unha forte influencia francesa. Os cabaleiros e as donas da corte falan en francés, decoran os seus pazos ó estilo de Versailles e seguen a moda francesa no vestir. Os nenos xogan coma o facían en Francia cos amigos que deixaron ali. E deste xeito chega a España –á área do Castelán– o xogo do *matarile*. Este é o argumento do xogo:

- Eu teño un castelo, matarile-rile-rile...
- ¿Onde están as chaves?
- No fondo do mar, matarile-rile-rile...
- ¿Quen irá buscalas?

Os nenos franceses comezaban a canción dicindo «*un beau château*», que significa exactamente «*un fermoso castelo*» e os nenos españois (castelán falantes) quixeron comezar igual, pero atopáronse co problema de que non daban articulado o *ch*⁷ francés e decidiron simplemente suprimilo. O resultado é que o que lles soaba aproximadamente coma *an bo ¿?ató* se converteu nese *ambo ató* que tantas veces se lles oe cantar ós cativos.

Resulta evidente que os primitivos habitantes da península Ibérica, cando tiveron que aprende-lo Latín, atopáronse cun problema semellante ó dos alumnos que pronuncian *bon boyage* e *bery good* ou ó do rapaz do século XVIII que decidiu cantar *ambo ató*. Ou sexa, aprenderon o Latín, pero ó seu aire. E esta é a razón pola que os hábitos articulatorios das diferentes linguas prerromanas produciron cambios importantes na fonética latina e marcaron en moitos casos diferentes destinos para as palabras dos colonizadores.

Dos numerosos testemuños de historiadores e escritores que corroboran este feito escolleremos soamente dúas:

- Un historiador latino chamado Espartiano conta que Adriano, que era fillo de españois e despois chegou a ser emperador, fixo rir a tódolos senadores de Roma co seu acento o día que leu o seu primeiro discurso ¿Como pronun ciaba o Latín este home para que teña pasado á historia o riso que provocou no senado de Roma?
- Un escritor tan respectable coma Cicerón mófase nun dos seus libros de como falaban –non de como escribía– uns poetas de Córdoba. O acento que tiñan semelláballe a el, segundo conta, *peregrino* e *basto* ¿De que maneira falaban estes poetas para que Cicerón se sorprendese ó escoitalos?

De todo isto deducimos que as linguas prerromanas actuaron a modo de *substrato lingüístico*. É dicir, existiron no territorio peninsular antes có Latín, desapareceron cando este se impuxo, mais deixaron importantes trazos na lingua dos colonizadores.

A causa dos diferentes *substratos lingüísticos* (e esta é a segunda causa de fragmentación que se mencionaba no capítulo precedente) ese Latín que xa chegara fragmentado ós distintos puntos do imperio romano fragmentouse aínda máis.

Quedaría por ver, aínda que non se pretende facelo de maneira exhaustiva, a influencia que exerceron os diferentes substratos prerromanos da península Ibérica.

No norte de Castela, é dicir, nas terras que limitan con Euskalerría, falouse antes da romanización unha lingua moi semellante á que, co devir dos séculos, se converteu no Euskera actual. Nesta lingua non existían articulacións labiodentais, ou sexa, era descoñecido o son do f e tamén o do v á maneira que se articula no Catalán do sur, en Francés ou en Inglés. ¿Que fixeron os habitantes destas terras co f inicial das palabras latinas? Pois exactamente o mesmo cós alumnos españois de Francés e Inglés (*Bon voyage, bery good*) e cós rapaces da corte española do século XVIII (*ambo ató*):

- Primeiro substitúen o f polo son máis parecido que atopan na súa lingua. Neste caso, unha aspiración velar semellante ó h do Inglés.
- Despois rematan por elimina-lo son que lles resultara estraño, aínda que se conserve na escrita o h que o representaba.

Por esta razón, unha palabra latina coma *facere* foi primeiro *hacer*, con h aspirado ata o século XVI, e a partir dese momento –isentidiño con aprende-la falta de ortografía!– é *acer*. ¿Ou non o pronunciamos así cando falamos castelán?

Cómpre ter en conta que a lingua que naceu nas fronteiras do que hoxe é o País Vasco foi o Castelán, que despois se espallou en forma de abano cara ó Sur e impúxose na maior parte do territorio peninsular. Por iso o Castelán e as linguas que quedaron ó oeste e ó leste diferéncianse no tratamento que dan ó f inicial latino: o Castelán pérdeo e o resto dos romances peninsulares (tamén o Portugués) consérvano:

<i>Latín</i>	<i>Gale go</i>	<i>Catalán</i>	<i>Cast. Ant.</i>	<i>Cast. Act.</i>
Furcam	Forca	Forca	Horca	⁸ Orca
Fabam	Faba	Faba	Haba	Aba
Farinam	Fariña	Farina	Harina	Arina
Fomunm	Forno	Fom	Ho rno	Orno
Ficum	Figo	Figa	Higo	lgo
Ferire	Ferir	Ferir	Herir	Erir

Tamén pode explicarse por influencia dun substrato lingüístico a existencia en Castelán dos diptongos *ie* e *ue*, que en Galego e Catalán se corresponden respectivamente con *e* e *o* abertos, tal e como eran en latín vulgar:

<i>Latín</i>	<i>Galego</i>	<i>Catalán</i>	<i>Castelán</i>
Semper	Sempre	Sempre	Siempre
Ventum	Vento	Vent	Viento
Tempus	Tempo	Temps	Tiempo
Bonum	Bo	Bo	Bueno
Pontem	Ponte	Pont	Puente
Mortem	Morte	Mort	Muerte

Os grupos de consonantes *el-*, *pl-* e *fl-* que aparecían en Latín en posición inicial de palabra tamén deron resultados diferentes en Galego, Catalán e Castelán:

<i>Latín</i>	<i>Galego</i>	<i>Catalán</i>	<i>Castelán</i>
Clavem	Chave	Clau	Llave
Clamare	Chamar	Clamar	Llamar
Flammam	Chama	Flama	Llama
Plorare	Chorar	Plo rar	Llorar
Pluviam	Cho iva	Pluj a	Lluvia

34

Hai grupos de sons en interior de palabra que presentan resultados característicos en cada unha das linguas romances de España. Son estes: -*ult-*, *ct-* e *l* seguido de diptongo que teña como primeiro elemento *i* (iode):


<i>Latín</i>	<i>Galego</i>	<i>Catalán</i>	<i>Castelán</i>
Multum	Moito	Molt	Mucho
Auscultat	Escoita	Escolta	Escucha

Lactem	Leite	Llet	Leche
Factum	Feíto	Fet	Hecho
Mulierem	Muller	Muller	Mujer
Filium	Filio	Fill	Hijo

Tendo en conta que os cambios fonéticos que rematamos de ver se producen de maneira regular en tódolos termos patrimoniais, resulta doado deducir que a personalidade de cada lingua queda definida polos resultados dos mesmos. A lingua galega, pois, caracterízase por un conxunto de trazos peculiares e, entre eles, os ruáis destacables serían:

- Conservación do *f* inicial do Latín.
- Existencia de *e* e *o* abertos en posición tónica e de *e* e *o* pechados.
- Palatalización en *ch* dos grupos iniciais lati nos *pl-*, *el-* e *fl-*.
- Solución *-oit-* para o grupo interior *-ult-*.
- Solución *-it-* para o grupo interior *-ct-*.
- Solución *-ll-* para o grupo interior *l+iode*.

A isto habería que engadi-la perda de *-l-* e *-n-* en posición intervocálica (ceo –de caelum–, alleo –de alienum–) e a existencia dos diptongos descendentes *ou* (ouro –de aurum–) e *ei* (primeiro –de primarium, *primairo–).



H - Comunidades hebreas dispersas por toda a península.

M - Comunidades mozárabes dispersas polo territorio ocupado polos árabes.

P - Cortes poéticas de influencia provenzal.

Mapa 5

Notas

⁷ O dígrafo *ch* do francés soa como o *x* do Galego, do Catalán e do Euskera. No caso de a corte estar no territorio de calquera destas linguas non tería desaparecido.

⁸ Esta é a razón pola que moitos mestres aconsellan esc ribi *r* con *h* en Castelán as palabras que en Galego e Catalán comezan por *f*.

OUTRAS INVASIÓNS

Pódese dicir que coa colonización romana se poñen os alicerces do que será no futuro o Estado Español: unifícanse as diferentes razas, culturas e linguas que existiron con anterioridade, promúlganse leis que aínda hoxe teñen interese para os xuristas, constrúense calzadas cun trazado que serviu de modelo para o das estradas por onde viaxamos nos nosos días e imponse unha lingua que, como queda dito, é a orixe de tres das catro que se falan no territorio español.

Mais a historia das invasións non remata aquí... Pódese dicir que aínda quedan quince séculos nos que a península Ibérica sufrirá a chegada de pobos invasores, presenciara o seu asentamento, tomará deles algunhas influencias e loitará para expulsalos.

Os invasores que chegan despois dos romanos e que modifican, mais non substitúen, a lingua son os xermanos e os árabes.

A comezos do século V o imperio romano, desde a propia Roma ata Lisboa, sucumbe baixo un alude de pobos rudos e guerreiros que procedía do centro de Europa. Son os pobos xermánicos, que desde séculos atrás foran o inimigo de quen Roma tivo que defendelas súas fronteiras. Destes pobos, que carecían de unidade política e que chegaban en ondas independentes, viñeron a Hispania os suevos, os vándalos, os alanos e os visigodos.

Os suevos asentáronse no noroeste peninsular, fundaron algunhas vilas e deixaron a súa traza na cultura e na toponimia de Galicia. Cómpre recordar aquí que os escritores nacionalistas dos primeiros anos do noso século chamaron a Galicia Suevia⁹.

Para os vándalos Hispania foi tan só terra de paso. Despois dunha breve estancia na Bética, dirixíronse a África en procura dun asentamento definitivo. O nome de Andalucía débese segun do algúns autores a este pobo.

Os alanos, que non tiveron sorte nos feitos de armas, foron vencidos polo rei visigodo Walia e só deixaron constancia da súa presenza nalgúns topónimos, coma Puerto del Alano (Huesca) ou Villalán (Valladolid).

Os visigodos, que eran os máis refinados e os menos violentos de todos, ocuparon a meseta castelá e fusionáronse cos hispanorromanos a partir da conversión de Recaredo ó cristianismo, no ano 587. A súa influencia no territorio peninsular foi moi importante porque anovaron as leis dictadas por Roma, crearon institucións e fixeron que Hispania deixase de sentirse provincia romana para tomar conciencia de país independente. Ó longo de toda a Idade Media, Castela sentiu o orgullo da súa liñaxe visigótica¹⁰.

A pesar disto, os hispanorromanos non abandonaron o Latín, mais si tomaron numerosas palabras dos invasores. Pensemos, por exemplo, na palabra *guerra* (de *werra* =discordia, liorta), que é igual nas catro linguas do Estado e que substituíu á latina *bellum*, de onde ven *bélico*. Eis unha mostra de xermanismos:

<i>Galego</i>	<i>Catalán</i>	<i>Castelán</i>
Albergue	Alberg	Albergue
Bradar	Bramar	Bramar
Teixo	Teixó	Tejón
Espora	Esperó	Espuela
Garda	Guardia	Guardia
Esmagar	Desmaiar	Desmayar
Gañar	Guanyar	Ganar
Sala	Sala	Sala
Heraldo	Herald	Heraldo
Roupa	Roba	Ropa

Cando a fusión de romanos e visigodos xa se consolidara e comezaba a da-los seus primeiros froitos no político e no cultural, prodúcese unha nova invasión: a musulmana. No ano 711 o cau dillo árabe Tárik cruza o estreito de Gibraltar¹¹ e as súas tropas emprenden o camiño de penetración cara ó norte. O poder militar dos visigodos estaba por estas datas moi debilitado e por iso os invasores fixéronse donos da península sen grandes dificultades, cruzaron os Pirineos e pro puxéronse conquistar Francia. No ano 732 foron derrotados por Carlos Martel en Poitiers e este acontecemento foi o primeiro contratempo que sufriron no seu propósito de invadir toda Europa.

Os árabes loitaban en nome de Alá, o seu Deus, e conquistaban as terras para impoñe-la relixión que predicaba o profeta Mahoma. Era, pois, unha *guerra santa* a que eles facían e os cristiáns visigodos responderon loitando tamén en nome do seu Deus. Esta guerra, que durou máis de sete séculos, é a Reconquista. Comezou contra o ano 718 coa batalla de Covadonga e rematou en 1492 coa toma de Granada.

A presenza dos árabes en España foi longa e por iso a súa influencia foi moi intensa, sobre todo nas terras do Sur. Pasados os tempos violentos da invasión, fundáronse vilas moi prósperas, nas que se vivía cun luxo e un refinamento descoñecido ata aquela polos cristiáns. Os árabes cultivaron as ciencias, a poesía e as artes en xeral, e superaron en todo ós visigodos. Pero o Latín, que xa se fragmentara nas diversas linguas romances, non foi substituído polo Árabe. Quedou, iso si, un abondoso número de palabras como traza deste período. Chámanse arabismos e, como é lóxico, hai moitos máis en Castelán que en Galego e Catalán:

<i>Galego</i>	<i>Catalán</i>	<i>Castelán</i>
Zucre	Sucr e	Azúcar
Xerra	Gerra	Jarra
Xarope	Xarop	Jarabe
Alambique	Alambí	Alambique
Alcalde	Alcalde	Alcalde
Alférez	Alferes	Alférez
Atalaia	Talaia	Atalaya

Garrido	Garrit	Garrido
Arrabaldo	Raval	Arrabal
Aduana	Duana	Aduana
Azul	Atzur	Azul
Álgebra	Álgebra	Álgebra
¹² Alzadeiro	Annari de paret	Alacena
Oliva	Oliva	Aceituna
Faba	Fesol	Alubia
Peitoril	Muntant	Alfé izar
Xesta	Genesta	Retama
Cabezal	Coixinera	Almohada
Belvís	Terral	Azotea

A situación lingüística da península foi moi complexa durante o tempo que durou a Reconquista e, amais, ía modificándose a medida que os cristiáns ocupaban terras dominadas polos árabes e establecían unha nova fronteira entre un bando e o outro. Ó norte desta liña mantíñanse o Euskera e as linguas romances. Ó sur estaban o Árabe e o Mozárabe¹³. Ó avanza-la Reconquista ían desaparecendo estas dúas linguas: o Árabe porque eran expulsados os que o falaban e o Mozárabe porque estes cristiáns acollían con ledicia o retomo dos seus irmáns na fe e facían súa a lingua que traían.

Vexamos logo cantas linguas houbo na península Ibérica durante a Idade Media: mantíñase o Euskera, vencellado á tradición oral, no seu territorio. O Galego-portugués, que ata o século XV foi unha soa lingua, e o Catalán contaba xa cunha brillante literatura. Avanzaba cara ó sur o Castelán á par coa Reconquista. Os reinos de León e Aragón, que eran independentes, mantiñan como linguas oficiais o Leonés e o Aragonés, hoxe reducidas á condición de dialectos do Castelán. Conservábase o Latín na liturxia cristiá e na administración de xusticia. Existían en todo o territorio peninsular comunidades xudías que falaban o Hebreo. Algúns poetas cataláns escribían en Provençal por influencia dos seus veciños de Occitania. Se a isto lle engadímo-lo Árabe e o Mozárabe... ¡Son once linguas!

Cando remata a Reconquista, España está unificada polo matrimonio dos Reis Católicos, o Galego comeza a súa andaina con independencia do Portugués e o mapa lingüístico transfór mase ata quedar como é na actualidade.

Como xa non hai Árabes nin Mozárabes, como os reinos de León e de Aragón xa non son independentes, como os Reis Católicos expulsaron ós xudeos nun acto vergonzoso de xenofobia, como xa pasou a moda de imita-los poetas occitánicos... Como pasou todo isto, xa non se fala nin o Árabe, nin o Mozárabe, nin o Leonés, nin o Aragonés, nin o Hebreo nin o Provençal. Polo tanto quedan, amais do Latín, que vai perdendo terreo nos usos cultos, o Galego, o Catalán, o Euskera e o Castelán, que é a lingua oficial de España e que por iso se chama tamén Español.

Pero aínda pasan máis cousas a partir de 1492...

Os Reis Católicos gobernan toda España desde Castela e impoñen o Castelán en territorios que xa tiñan lingua de seu. Descóbrese América e implántase alí tamén o Castelán...

O orgullo que producen estes acontecementos é tanto que Antonio de Nebrija escribe a primeira gramática castelá co peregrino propósito de fixar unha lingua que, segundo el, xa non podía chegar a maior perfección. Menos mal que, co paso do tempo, foron aparecendo escritores, a unha e outra banda do Atlántico, que demostraron o seu erro.

Pero o peor do orgullo castelán foi que produciu unha grande falta de respecto ás outras culturas e ás outras linguas, que a partir deste momento comezan un camiño cheo de dificultades.

Notas

[9](#) No soneto que escribe Ramón Cabanillas (1876-1959) coma eloxía a Eduardo Pondal atopamos este cuarteto:

Dos guerreiro de suevia posto ó fronte,
ós pés a lanza e o batido escudo,
agárdao Breogán, doído e mudo,
entre os pinos da costa verdecente.

[10](#) Cando o poeta castelán Jorge Manrique (¿1440?-1478) se laia dos efectos do paso do tempo evoca entre outras glorias pasadas:

Pues la sangre de los godos,
y el linaje y la nobleza
tan crecida
¡Por cuántas vías e modos
se pierde su grand alteza
en esta vida!

[11](#) O topónimo *Gibraltar* procede do árabe *yébel* (= monte) e Tárík. É dicir, significa *monte de Tárík*.

[12](#) A partir de aquí pódese observar que as palabras casteláns son arabismos, mentres que as galegas e as casteláns son de orixe latina.

[13](#) O Mozárabe era a lingua das comunidades cristiáns que permaneceron en territorios ocupados polos árabes sen fusionárense con eles. É unha lingua romance fortemente permeada polo Árabe.

O EUSKERA

A historia do Euskera é tan diferente de todo o que vimos ata agora que precisa un capítulo á parte.

É a lingua máis antiga de tódalas que se falan na península Ibérica e, así mesmo, a única que sobreviviu á colonización romana. Por este motivo é moi difícil investiga-las súas orixes: canto maior é a antigüidade dun pobo ou dunha cultura, maior é tamén o número de segredos que garda. Pero as dificultades non desalentan ós investigadores senón que se converten en estímulo e por iso son moitos os lingüistas e antropólogos que adicaron os seus esforzos a buscaren unha explicación para este problema.

¿De onde vén o Euskera? ¿Quen foron os seus primeiros falantes? ¿A que raza pertencían?

O único que está demostrado neste aspecto é que non se trata dunha lingua indoeuropea, é dicir, que carece de parentesco coas que se falan nos seus arredores. En canto ás súas orixes existiron e existen teorías moi diversas, dándose o caso de que o vascólogo de máis solvencia, Luis Michelena, non apoiou ningunha delas, senón que rebatiu moitas das probas que as sustentaban.

Con todo, na actualidade manteñen certa credibilidade dúas opinións: a que supón que o Euskera ten a súa orixe nas linguas do Cáucaso e a que afirma que procede de África. ¿Cal é a verdadeira? ¿Como se poden demostra-las semellanzas que tivo hai máis de dous mil douscentos anos unha lingua que comezou a escribirse hai soamente catro séculos? Por iso tamén hai quen opina que estas dúas teorías non son incompatibles entre si: como a península Ibérica foi sempre encrucillada de viaxeiros, ben puido ser que, no que hoxe é territorio vasco e nos seus arredores, se establecesen primeiro pobos procedentes do Cáucaso e que chegasen despois invasores africanos. Oeste xeito, tanto o Euskera coma as linguas veciñas que desapareceron cando se impuso o Latín serían na súa orixe caucasianas e veríanse despois fortemente influenciadas por linguas de procedencia africana.

¿Por que non abandonou o pobo vasco a súa primitiva lingua cando chegaron os romanos? Isto pódese explicar desde as características xeográficas do país. Lembremos que os últimos en rendérense ós exércitos de Roma foron os cántabros, é dicir, foron os veciños dos vascos . Estas terras do norte, onde a paisaxe é tan fermosa e accidentada, resultaron especialmente duras para os que pretenderon establecerse nelas. As montañas, os vales, os numerosos ríos e a abondosa vexetación constituían unha defensa natural para os primitivos habitantes porque os invasores, descoñecedores dos segredos desta paisaxe arriscábanse sempre a ser atacados por sorpresa.

Isto foi o que detivo ós romanos no seu intento de penetraren nesta terra. Donos dun imperio tan extenso, os seus exércitos eran practicamente invencibles nas batallas a campo aberto, mais descoñecían os procedementos para enfrontárense con guerrillas en lugares esgrevios. Cabe, pois, supoñer que tiveron algún contratempo nas fronteiras e que actuaron de acordo co seu sentido práctico: rodearon Euskalerría mais non se adentraron alí. Adonáronse da península Ibérica coma quen se instala nun castelo e non ousa, polo que poida pasar, abrir un cuarto misterioso que atopou pechado.

Co paso dos séculos o Euskera evolucionou coma calquera outra lingua. Ou sexa, en Euskalerría fálase a máis antiga das falas peninsulares, mais non se fala igual que hai dous mil douscentos anos. Ningunha lingua do mundo ficou inmóbil e esta non ía se-la excepción.

Pero ¿como era o euskera na antigüidade?

Quizais sexa esta a pregunta máis difícil de contestar. Como tódolos textos escritos que se conservan son posteriores ó século XVI, os lingüistas carecen de datos e atópanse con tódolos camiños pechados á investigación. O único que se sabe con certeza é como evolucionou o Latín nas fronteiras co País Vasco, en Castela, e de aí pódense deducir características fónicas, morfolóxicas e sintácticas dunha lingua que careceu durante tantos séculos de documentos escritos.

Neste sentido pódese dicir que a maior parte dos trazos que diferencian o Castelán do resto das linguas romances son atribuídos polos lingüistas a un substrato euskera. Disto podemos concluír, por exemplo, que o sistema vocálico do antigo Euskera constou de cinco fonemas, porque cinco son os que ten o castelán, ou que non existiron articulacións labiodentais, porque o Castelán perdeu o f- inicial do Latín e articulou o v como bilabial.

Do que se dixo ata agora non se pode deducir que o Euskera sexa unha lingua pechada en si mesma e impermeable a toda influencia externa. Polo contrario, tódolos pobos que se estableceron na península, e aínda outros que influíron na súa cultura ou na súa economía sen establecérense, deixaron unha traza máis ou menos intensa no seu vocabulario.

Xunto a un vocabulario patrimonial euskera referente a paisaxe (egun=día, hibai=río, itsaso=mar), á fauna (catagorri=esquíu, untxi=coello, oilar=galo), á flora (perretxiko=cogumelo, sagar=mazá, zurzuri=bidueiro), ós traballos (arrantza egin=pescar, baserritar=granxeiro, haizkora=machada), etc. existen numerosos termos da máis variada procedencia.

Entre as «palabras de importación» as máis frecuentes son os *latinismos*, moitos dos cales chegaron ó Euskera xa en tempos da romani zación e hoxe atópanse perfectamente acomodados á fon ética indíxena. Lembremos que o f- inicial latino se perdeu en Castelán por influencia do Euskera e vexámo-lo tratamento que recibe nesta lingua:

<i>Euskera</i>	<i>Galego</i>	<i>Catalán</i>	<i>Castelán</i>
hondo	fondo	fons	fondo
erreminta	ferramenta	ferramenta	herramienta
besta	festa	festa	fiesta

bicu	figo	figa	higo
------	------	------	------

Os sonidos, p, t e k (este escríbese xeralmente con c se vai seguido a a, o, u nas linguas romances) reciben un tratamento especial nas palabras de procedencia latina incorporadas ó Euskera:

<i>Euskera</i>	<i>Galego</i>	<i>Catalán</i>	<i>Castelán</i>
dem bora	tempo	temps	tiempo
dambor	tambor	tambor	tambor
dendari	tendeiro	tender	tendero
galtzada	calzada	calçada	calzada
gurutzatu	cruzar	creuar	cruzar
gorputz	corpo	corps	cuerpo

Os grupos iniciais pl-, cl- e fl-, que en cada romance peninsular deron un resultado propio, tamén presentan unha solución regular e característica en Euskera:

<i>Latín</i>	<i>Euskera</i>
florem	lore
plantam	Landare
plumam	luma

e esta solución é a mesma cando o grupo consonántico se atopa en interior de palabra: eliza=igreja, do latín ecclesiam.

Vexamos outras «palabras de importación»:

Helenismos, chegados por diversos camiños: aisai, faro, poxpolu, atuna

Arabismos, referentes polo xeral á agricultura e tomados do Castelán: azucre, jeromia, nenufar, sandia, alfalfa, laranja ...

Galicismos: marabon, kolibri, tximinia ...

Americanismos: txokolate, papagaitxo, iguana, anana...

Coma tódalas linguas transmitidas oralmente de xeración en xeración, carentes dun grafolecto unificador durante séculos, o Euskera presenta unha intensa fragmentación dialectal, descrita no século pasado polo

príncipe Bonaparte e aínda aceptada polos estudiosos deste tema nos nosos días. Estes dialectos son: viscaíno, guipuscoano, alto-navarro septentrional, alto-navarro meridional, labortano, baixo-navarro occidental, baixo-navarro oriental e suletino.

Co propósito de acadar unha unidade supradialectal para a comunicación escrita, a Academia da Lingua, a xeito de coíné¹⁴, propón a *batua*, onde se sintetizan elementos procedentes do guipuscoano, labortano e navarro. Aínda que non se pretende substituí-la variedade dialectal, esta proposta creou unha importante polémica.

Notas

¹⁴ Coíné, palabra de orixe grega coa que se designa calquera lingua común que procede dunha redución á unidade, máis ou menos artificial, dunha variedade idiomática.

LINGUAS EN CONTACTO

Castela debe o seu nome ós numerosos castelos con que se fortificou para loitar contra os árabes na Reconquista. Un anónimo poeta do século XIII refírese a ela dicindo *Castiella, ese apartado rincón*. En efecto, a historia deste pobo é moi semellante á que xa temos visto do Lacio: desde un territorio pobre, de dimensións moi reducidas, cumpriulle ir abrindo camiño cara ó sur e, ó tempo que os árabes recuaban, Castela dilataba as súas fronteiras e impoñía a súa lingua, o Castelán, nas terras que gañaba. Ó cabo de varios séculos, os acontecementos históricos favorables – matrimonio dos Reis Católicos, final da Reconquista, descubrimento de América– fixeron deste pobo o máis poderoso do mundo.

Como os latinos no seu momento, os casteláns agora unifican en primeiro lugar a península e despois crean un grande imperio. Un rei español do século XVI, Felipe II, sentía o orgullo de que nos seus dominios non se poñía o sol e o libro máis universal que se ten escrito, o Quixote, leuse nos primeiros anos do século XVII, e en Castelán, en toda España, nos Países Baixos, en Italia, no Norte de Africa e en California ata a Patagonia.

Naqueles tempos falar de Castela e falar de España, dicir lingua española ou lingua castelá significaba o mesmo.

Esta expansión de Castela foi particularmente intensa dentro da península: o Castelán impúxose en tódolos territorios que, desde os arredores do século X ata estas datas, mantiveran a súa propia lingua. Impúxose en Euskalerría, obrigando así ós habitantes deste pobo, por primeira vez na súa historia, a aceptar unha lingua chegada de fóra. Impúxose en Galicia, onde os poetas nativos enmudeceron. Impúxose en Catalunya, e produciu unha grave crise, tanto económica como cultural.

A partir deste momento, o Castelán comeza a convivir coas outras linguas, que recúan ante el, mais non morren, e aparece o bilingüismo en Galicia, en Catalunya e mais en Euskalerría. É dicir, estes territorios conservan a súa lingua e, asemade, vense na necesidade de adoptar outra que lles ven de fóra, da corte, situada sempre en terras de Castela e, a partir do reinado de Felipe II (1561), definitivamente en Madrid.

O falar de bilingüismo temos que pensar necesariamente na riqueza que supón para calquera persoa coñecer dúas linguas xa desde a nenez. Isto faille máis doada a aprendizaxe doutras, ofrécelle a posibilidade de diferentes lecturas e invítala a reflexionar sobre a maneira de falar propia e allea. Reparemos en que a maior parte dos lingüistas importantes proceden de zonas bilingües.

O problema é que nin en Galicia, nin en Catalunya, nin en Euskalerría existe o que de verdade pode entenderse como bilingüismo. É dicir, en ningunha destas tres comunidades hai dúas linguas que convivan en igualdade de condicións. Os falantes coñecen, iso é certo, as dúas, pero sempre unha mellor cá outra. E, á hora de falaren ou escribiren, escollen o Castelán ou a lingua nativa condicionados por unhas ideas que existen na sociedade e que son falsas.

¿Cales son estas ideas?

Para comezar temos de abondo con ver como se fala de cada unha das linguas: ¿A que temos oído dicir que o Galego, o Catalán e o Euskera son *linguas vernáculas*? ¿A que isto non se di nunca do Castelán? Reparemos simplemente en que o adxectivo *vernáculo* procede do sustantivo latino *verna*, que significa *escravo nacido na casa do señor*, e chegaremos á conclusión de que empregalo é o mesmo que afirmar que o Galego, o Catalán¹⁵ e o Euskera son linguas de segundo rango.

Desde que os Reis Católicos unificaron España e impuxeron o Castelán na totalidade do territorio, esta lingua gozou de innumerables privilexios que as outras non tiveron: era a que se usaba nos cultos relixiosos, na administración pública, na administración de xusticia, no ensino, nos libros e –can os houbo– nos xornais, na radio e na televisión. Era así a lingua en que se expresaba a «xente importante». Cabo dela, e compartindo o mesmo territorio, sobrevivían o Galego, o Catalán e o Euskera, que eran as linguas empregadas polos labradores, polos mariñeiros e por outra moita xente que vivía apegada ó oficios artesanais. Estes oficios, os máis vellos na historia da humanidade, son os máis dignos, pero, por desgracia, sonb menos considerados socialmente cás profesións intelectuais.

Nace deste xeito a idea de que hai unha lin gua de primeira categoría, o Castelán, e outra de segunda, a lingua nativa de cada comunidade¹⁶. Esta idea é falsa, porque tódalas linguas son

iguais no seu rango, e proba diso son as brillantes traxectorias literarias que tiveron na antigüidade algunhas das linguas que despois foron marxinadas. Mais abonda con que a colectividade dea creto a unha idea falsa para que se produzan os mesmos efectos que se fose verdadeira. E dicir, se un grupo humano coida que falar unha lingua é síntoma de ignorancia, de pobreza ou de calquera outra cousa semellante, deixa de falala sen máis.

A verdade é que o mundo en que vivimos está un pouco tolo... A maior parte da xente valora por riba de todo o diñeiro e o poder. Os que non teñen unha cousa nin outra, que desgraciadamente soen se-los que tamén teñen menos cultura e menos sentido crítico, admiran ós ricos e ós poderosos. E consólanse imitándoos no que poden: gastan unha parte dos seus ingresos en vivenda, comida, instrucción dos fillos, etc. e a outra parte adícana a mante-lo que eles consideran unha boa aparencia social. Se estas persoas coidan que falar Castelán «é máis fino», senten a tentación de deixa-la súa lingua nativa para face-lo que eles entende coma un mellor papel na sociedade

Os que se comportan deste xeito prexudícan se a si mesmos porque, ó abandonaren a lingua que lles serviu para entende-lo mundo desde nenos, perden os seus signos de identidade. E prexudican á terra en que naceron porque contribúen ó desprestixio dunha lingua que é o vehículo lexítimo para a expresión da alma dese pobo e da súa cultura.

Mais non remata aquí a confusión nin o desconcerto...

Como as ideas falsas non se apoian en nin gún feito real, como poden desencadearse sen estaren condicionadas a ningún tipo de argumentación, medran coma a bola de neve e van xerando innumerables conclusións, tan falsas coma o primeiro anel desta cadea. Vexamos un exemplo:

Soe dicirse das linguas nativas que son doces, que son bonitas, que son poéticas ... ¿A que

todos temos escoitado cousas semellantes? ¿A que do Castelán non se fala nestes termos? Mais isto tampouco é certo, porque cada lingua é nada máis, pero tampouco nada menos, que o modo de comunicarse que ten un pobo, e a mellor lingua para cada pobo é a súa propia. A que lle serve para falar do que se ve, do que se sente e do que se pensa tal e como ese grupo humano pensou ó longo dos séculos. É certo que ás veces nos sorprende un poema pola súa fermosura, pero isto non se debe á lingua, senón ó poeta que a traballou. Tamén pode sorprendérno-la dozura ou a gracia con que fala unha persoa, mais outras persoas expresanse na mesma lingua con agresividade e torpeza.

¿Por qué, logo, estas louvanzas para as linguas nativas?

Pois sinxelamente porque en tódalas sociedades existe a tendencia a idealiza-lo que de feito se despreza, atribuíndolle gratuitamente cualidades que, en todo caso, se teñen en pouco dentro do código de valores vixente.

Fora dos eidos das consideracións puramente lingüísticas, atopamos esta actitude en numerosas ocasións. Vexamos unha delas:

Na sociedade de predominio masculino en que vivimos, aínda hoxe, a muller é considerada coma cidadá de segundo rango¹⁷ e, en certos ambientes, recibe un tratamento semellante ó que rematamos de describir verbo das linguas nativas: dise dela que é doce, que é bonita, que é graciosa... Evidentemente hai infinidade de mulleres que non son nin doces, nin bonitas, nin graciosas. Pero a conciencia da sociedade descárgase así da súa culpa: as mulleres –tan doces, tan bonitas e tan graciosas– adícanse a fregar e a cociñar para que os homes –nin doces, nin bonitos, nin graciosos– adiquen o seu tempo a facer cousas consideradas de máis prestixio.

O panorama que rematamos de describir é desolador, mais así foi en España desde que os Reis Católicos unificaron a península ata que se aprobou a Constitución Española de 1978.

A partir da Constitución recoñécese, corno cliciamos ó comezo, a igualdade de rango entre o Castelán e as diversas linguas nativas nas súas respectivas comunidades. Celébranse cultos relixiosos en Galego, en Euskera e en Catalán, díctanse as leis dos gobemos autonómicos nestas linguas, os maxistrados, os avogados e mailos reos poden empregalas nos xuicios, estúdíanse na E.X.B. e nas Ensinanzas Medias, utilízanse nos medios de comunicación, estímúlase a producción dos seus escritores... Con todo, polo de agora, os problemas de que falamos seguen vivos porque foron moitos séculos de marxinação e o pobo non se da ceibado das vellas e falsas ideas.

De ti, lector, e de toda a xente que vive este momento da historia, depende que o mundo sexa máis xusto, máis libre e máis bonito. Tamén no que se refire a este tema.

Este quere se-lo sentido das páxinas que rematas de ler.

Nome	<i>Itzen</i>	<i>Nombre</i>	<i>Nom</i>	<i>Orixe</i>	<i>Significado</i>
Adolfo	Adolfo	Adolfo	Adolf	grega	Lobo nobre, protección paternal.
Agustín	Agustín	Agustín	Agustí	latina	Habitante de Augusta, rico en honra.
Alberte	Alberto	Alberto	Albert	grega	Brillante pola súa nobreza.
Alexandre	Alexander	Alexandro	Alexandre	grega	Vencedor ou favorecedor dos homes.
Alfredo	Alfredo	Alfredo	Alfred	grega	Que aconsella os espíritos do aire, amante da paz.
Afonso	Alfontso	Alfonso	Alfons	grega	Nobre guerreiro.
Ambrosio	Ambrosio	Ambrosio	Ambròs	grega	Inmortal.
Ana	Ana	Ana	Anna	hebrea	Gracia de Deus.
André	Ander	Andrés	Andreu	grega	Varonil.
Anxo	Gotzon	Angel	Angel	latina	Nuncio, mensaxeiro.
Arturo	Arturo	Arturo	Artur	céltica	Preto do rabo da Osa Maior, oso nobre.
Beatriz	Batirtze	Beatriz	Beatriu	latina	Que é feliz ou que dá felicidade.
Bernaldo	Beñat	Bernardo	Bernat	grega	Oso forte, corazón de oso.
Bieito	Benito	Benito	Benet	latina	Próspero en bens da Providencia, alabado.
Brais	Bladi	Blas	Blai	grega	Brando de lingua, tatexo.
Carlos	Karlos	Carlos	Carles	grega	Magnífico.
Catalina	Cattalin	Catalina	Catalina	grego	Pura.
Cecilia	Zezi	Cecilia	Cecília	latina	Cega.
Clemente	Kelemen	Clemente	Climent	latina	Que ten clemencia ou piedade.
Cristina	Kistiñe	Cristina	Cristina	grega	Servidora de Deus.
Domingos	Txomin	Domingo	Domènec	latina	Que naceu no día de El Señor.
Duarte	Edorta	Eduardo	Eduard	grega	Que agarda riqueza.
Emilio	Emilio	Emilio	Emili	grega	Amable, que ten gracia ou encanto.
Estevo	Extebe	Esteban	Esteve	grega	Coroa.
Eva	Eba	Eva	Eva	hebrea	Nai dos homes.
Felipe	Felipe	Felipe	Felip	grega	Amante dos cabalos.
Fiz	Felix	Félix	Feliu	latina	Venturoso, feliz.
Francisco	Patxi	Francisco	Francesc	grega	Libre.
Gustavo	Gustavo	Gustavo	Gustau	grega	Caxato de loita.
Helena	Elena	Elena	Helena	grega	Fermosa, resplandecente.
Henrique	Endrike	Enrique	Enric	grega	Rico, amo de terras.
Inés	Añes	Inés	Agnès	grega	Pura.
Irene	Irene	Irene	Irene	grega	Paz.
Lázaro	Lazaro	Lázaro	Llátzer	hebrea	A quen Deus dá forza.
Lourenzo	Laurentzi	Lorenzo	Llorenç	latina	Laureado, honrado.
Lucía	Lutxi	Lucía	Llúcia	latina	Que naceu á luz do día.
Luis	Koldo	Luis	Lluís	xermánica	Famoso na guerra.
Manuel	Imanol	Manuel	Manuel	hebrea	Deus sexa connosco.
Marcelo	Martzel	Marcelo	Marcel	latina	Martelo pequeno.
María	Miren	María	Maria	grega	Estrela do mar.
Marta	Marta	Marta	Marta	hebrea	A que provoca
Mateo	Mateo	Mateo	Mateu	hebrea	Don de Deus
Matilde	Matilde	Matilde	Matilde	grega	Que loita con forza.
Miguel	Mikel	Miguel	Miquel	hebrea	Quen como Deus.
Natalia	Natali	Natalia	Natália	latina	A que preside o nacemento.
Pascual	Paxkal	Pascual	Pascual	hebreo	Que naceu día da pascua.
Paulo	Paulo	Pablo	Pau	grega	O que descan sa.
Pedro	Kepa	Pedro	Pere	latina	Pedra.
Rafael	Rafael	Rafael	Rafael	hebrea	Deus corou. Ç
Ricardo	Rikardo	Ricardo	Ricard	grega	O señor máis forte.
Roberto	Roberto	Roberto	Robert	grega	Famoso.
Rosa	Arrosa	Rosa	Rosa	latina	A flor que ten este nome.
Sabela	Elixabete	Isabel	Elisabet	hebrea	A que xura por Deus.
Santiago	Jacobe	Santiago	Xaume	hebrea	O que suplantar.
Susana	Susana	Susana	Susanna	hebrea	Azucena, lirio
Tareixa	Teresa	Teresa	Teresa	grega	Que naceu na illa de Tera.
Victoria	Bittori	Victoria	Victoria	latina	A que vence, a que trunfa.
Xacinto	Jazinto	Jacinto	Jacint	grega	A flor que leva este nome, pedra preciosa.
Xaime	Jaime	Jaime	Jaume	hebrea	O que suplantar.
Xesús	Jose	Jesús	Jesús	hebrea	El salvar.
Xosé	Joseba	José	Josep	hebrea	El fará medrar.
Xurxo	Gorka	Jorge	Jordi	grega	Labrego, que traballa a terra

Notas

[15](#) En certas vilas de Catalunya, onde a burguesía autóctona é catalán falante e o proletariado de inmigración é castalán falante, a valoración das dúas linguas en contacto invértese e funciona como lingua de máis prestixio o Catalán.

[16](#) Esta relación entre dúas linguas que conviven no mesmo trritorio e non teñen o mesmo rango social chamase diglosia. Ou sexa, non deixa de ser bilingüismo, mais trátase dun feito moito máis complicado e problemático.

[17](#) A voz popular di: detrás *dun grande home hai sempre unha gran muller*. ¿Por que non existe a aseveración inversa?

Índice

[Portada](#)

[Título](#)

[Créditos](#)

[AS LINGUAS DE ESPAÑA](#)

[A PENÍNSULA IBÉRICA, ENCRUCILLADA DE CAMIÑOS](#)

[A ROMANIZACIÓN](#)

[A FRAGMENTACIÓN DO LATÍN](#)

[OUTRAS INVASIÓNS](#)

[O EUSKERA](#)

[LINGUAS EN CONTACTO](#)

galicia
o bo camiño

9



XUNTA
DE GALICIA